



DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión CONSTITUTIVA
DA CORPORACIÓN PROVINCIAL
1 de XULLO de 2019**

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
REALIZADA O DÍA 1 DE XULLO DE 2019.

No salón de sesións do pazo provincial, sendo as doce horas e seis minutos do día un de xullo de dous mil dezanove, coa fin de dar cumprimento ás normas sobre constitución da Deputación provincial contidas na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño de réxime electoral xeral, no Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña, concordante neste punto co Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, reúnense os trinta e un deputados provinciais electos tras as eleccións locais de maio de 2019 e proclamados polas sete Xuntas Electorais de Zona da provincia. Os mencionados deputados provinciais electos figuran nas relacións remitidas polas respectivas Xuntas Electorais de Zona e todos presentaron a correspondente credencial na Secretaría Xeral da Deputación. A relación por orde alfabética dos devanditos deputados e deputadas, presentes na sesión, é a seguinte:

MARTINA ANEIROS BARROS	PP
EVARISTO BEN OTERO	PP
CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
CRISTINA CAPELÁN CANELO	PSOE
GERMÁN CASTRILLÓN PERMUY	PP
MARIA MILAGROS CASTRO SÁNCHEZ	PSOE
XOXÉ XURXO COUTO RODRÍGUEZ	BNG
MANUEL MARÍA DURÁN GUILLÁN	PP
ANTONIO FERNÁNDEZ ANGUEIRA	PP
JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
ROSA M ^a GALLEGO NEIRA	PP
DALIA GARCÍA COUSO	PP
JOSÉ BLAS GARCÍA PIÑEIRO	PSOE
ÁNGEL GARCÍA SEOANE	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
JOSÉ PABLO GONZÁLEZ CACHEIRO	PP
SANDRA GONZÁLEZ CASTRO	PSOE
VALENTIN GONZÁLEZ FORMOSO	PSOE
AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PP
JOSÉ MANUEL LAGE TUÑAS	PSOE
ANA LAMAS VILLAR	PSOE
ALBERTO LEMA SUÁREZ	MAREA ATLÁNTICA
ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	PP
JOSÉ MUIÑO DOMÍNGUEZ	PP
MARÍA DEL CARMEN MUIÑO FILGUEIRA	BNG
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL	BNG
JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
JOSÉ RAMÓN RIOBOO CASTRO	PSOE

ROBERTO RODRIGUEZ MARTÍNEZ

PP

Actúa como secretario, o secretario xeral da Corporación, don José Luis Almau Supervía.

Á vista das credenciais e da documentación presentada polos deputados e deputadas electas, determínanse as persoas que compoñen a MESA DE IDADE, que forman os deputados de maior e menor idade e que resultan ser don Ángel García Seoane e dona Dalia García Couso, respectivamente, os cales, xunto co secretario, integran a Mesa que preside o acto.

Aberta a sesión polo presidente da Mesa de Idade, o secretario xeral dá lectura ás disposicións oficiais que regulan o acto, facendo constar que se efectuaron as previsións contidas no Regulamento orgánico da Deputación respecto do arqueo e ao inventario do patrimonio da Corporación. Dá conta, así mesmo, de que se cumpriu o establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 75.7, sobre rexistros de intereses e incompatibilidades, por canto se cubriron as correspondentes declaracións por todos os deputados e deputadas electas.

Comprobadas as credenciais, comeza a toma de posesión dos novos deputados, chámanse, en primeiro lugar, os integrantes da Mesa de Idade e logo o resto dos deputados por orde alfabética. Toman posesión do seu cargo pronunciando persoalmente a fórmula solemne: "Xuro/prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado", nos seguintes termos, recibindo a seguir a medalla da provincia como signo distintivo da súa nova condición de deputados e deputadas provinciais.

Sr. García Seoane

Dicir que hai agora corenta anos era o deputado máis novo e saín tamén, e presidía a Mesa tamén naquel entón. Polo tanto, é unha satisfacción poder vivir corenta anos, con moita forza, con moita enerxía, e chegar ao día de hoxe, estando na mesma institución, por certo, naquel entón estaba un presidente que está sentado alá arriba, Marfany Oanes, benvido.

Comprobadas as credenciais, e non se pode esperar ata o último minuto, como esperaron algúns, antes de entrar ao Pleno, comprobadas as credenciais, vaise proceder á toma de posesión dos membros da Deputación proclamados polas xuntas electorais de zona, mediante a prestación de xuramento ou promesa, cada un farao como estime oportuno, comezando polos integrantes da mesa e seguindo polo resto dos membros electos da Corporación, que serán chamados por orde alfabética. Prego se poñan en pé.

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sra. García Couso

Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sra. Aneiros Barros

Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Ben Otero

Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Calvelo Martínez

Xuro e prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sra. Capelán Cancelo

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Castrillón Permuy

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sra. Castro Sánchez

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Couto Rodríguez

Prometo, por imperativo legal, e pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Durán Guillán

Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Fernández Angueira

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Fernández Mourinho

Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Fernández Piñeiro

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sra. Gallego Neira

Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. García Piñeiro

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. González Cacheiro

Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sra. González Castro

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. González Formoso

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Lage Tuñas

Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sra. Lamas Villar

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Leira Piñeiro

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Lema Suárez

Prometo pola miña conciencia cumprir fielmente coas miñas obrigas como deputado e, por imperativo legal, facelo con lealdade ao Rei, sen renunciar en ningún caso aos meus principios republicanos. Prometo, así mesmo, gardar e facer gardar a Constitución española como norma fundamental do Estado.

Sra. Molinos Vidal

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Muíño Domínguez

Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sra. Muíño Filgueira

Por imperativo legal prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Penas Corral

Por imperativo legal prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Pequeño Castro

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Requeira Varela

Prometo, por imperativo legal, pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Rioboo Castro

Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Rodríguez Martínez

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Rematada a toma de posesión dos trinta e un deputados, o presidente da Mesa de Idade, don Ángel García Seoane, DECLARA CONSTITUÍDA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

O presidente da Mesa anuncia que se vai elixir o presidente da Corporación e advirte que a votación será secreta, mediante papeleta que se introducirá na urna disposta para estes efectos. Solicita dos partidos políticos representados na Corporación a designación de candidatos para o cargo.

En nome do Partido Popular, propónse como candidata a dona Rosa Gallego Neira e polo Partido Socialista Obrero Español propónse como candidato a don Valentín González Formoso.

Chámanse os deputados e deputadas por orde alfabética para que depositen o seu voto na urna. Completada esta primeira votación, a Mesa efectúa o escrutinio e o seu presidente declara o seguinte resultado:

“Dun total de trinta e un votos validamente emitidos, obtivo dezasete votos don Valentín González Formoso, dona Rosa Gallego Neira obtivo catorce votos. Por tanto, obtivo maioría absoluta na primeira votación e foi elixido presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Valentín González Formoso”.

O presidente da Mesa pregúntalle a don Valentín González Formoso se acepta o cargo de presidente da Deputación Provincial da Coruña. Responde afirmativamente don Valentín González Formoso e toma de inmediato posesión, pronunciando a seguinte fórmula solemne: "Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de presidente, con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado".

O presidente da Mesa proclama, en consecuencia, a don Valentín González Formoso como presidente da Deputación Provincial da Coruña e entrégalle o bastón de mando.

O novo presidente da Deputación pasa a ocupar a presidencia da sesión, á que tamén se incorpora o interventor, mentres os dous deputados provinciais que integraran a Mesa de Idade se retiran aos seus estrados.

Sr. Presidente

En primeiro lugar, señor delegado do Goberno en Galicia, señor fiscal superior, señor representante da maxistratura, alcaldesas e alcaldes da provincia da Coruña, excelentísimas e ilustrísimas autoridades, señoras e señores deputados, amigos e amigas,

Desde o recoñecemento a unha institución bicentenaria, das máis antigas do Estado; testemuña privilexiada dos avatares da nosa historia, que leva prestado e segue a prestar un servizo esencial como soporte das entidades locais, e a desempeñar un papel fundamental na arquitectura administrativa do Estado, creo necesario, dende a máis profunda convicción persoal, reflexionar sobre o reto apaixonante e o avance democrático que podería supor a elección directa pola cidadanía dos seus representantes nas Corporacións provinciais, como fórmula que lexitime as estruturas políticas supramunicipais emanando directamente da soberanía popular. Mentres, compartimos un proxecto, asentado na súa historia, e que lonxe de simplemente existir, aporta, constrúe e fai palpitar o mellor da Coruña. Unha provincia reforzada por esa unión que entre todos fixemos posible e que hoxe nos permite afrontar o futuro coa confianza dunha sociedade moderna e puxante, que investiga e crea, que traballa e constrúe, que soña e que avanza cara adiante.

Catro anos despois, inicio esta nova etapa con ilusión, optimismo e cun agradecemento infinito á sociedade coruñesa pola inmensa confianza depositada en nós nas pasadas eleccións municipais para seguir gobernando, transformado e modernizando esta provincia.

Se mo permiten, quixera dar as grazas en primeiro lugar á miña familia, polo apoio constante e incondicional durante todos estes anos, a pesar das incontables horas que a miña dedicación como alcalde e presidente lles subtrae.

O meu agradecemento sincero e profundo tamén aos deputados e deputadas desta nova Corporación que vimos de constituír, con cinco forzas políticas representadas neste hemiciclo. Unha Corporación que é de novo moi plural e diversa, con diferentes ideas e sensibilidades, o que requirirá de nós diálogo, entendemento e altura de miras para continuar avanzando.

Grazas en especial ás miñas compañeiras e compañeiros do Partido Socialista Obrero Español. Unha formación política con 140 anos de historia que trouxo a este país as maiores cotas de progreso, igualdade e avances sociais.

Unha senda que humildemente trataremos de seguir dende esta Deputación sabendo que o progreso non é irreversible, que o que tarda anos en construírse pode tirarse abaixo en apenas un instante. Conscientes de que os logros que conseguimos xuntos deben ser defendidos todos os días.

Grazas, señoras e señores deputados, por confiar de novo maioritariamente en min para presidir o goberno provincial. É unha honra e un orgullo.

Ilusión, orgullo e agradecemento son os meus sentimentos neste momento, pero sobre todos eles pesa o sentimento da responsabilidade, a inmensa responsabilidade de seguir gobernando unha provincia que é o motor social, cultural e económico de Galicia. Unha provincia que é a quinta potencia económica de España e unha institución que é bandeira e referencia, non só en Galicia, senón en todo o Estado, de como deben ser as deputacións no século XXI.

Son consciente de que isto non é froito do traballo dun só goberno, nin moito menos, senón do labor constante realizado durante catro décadas polos diferentes gobernos e presidentes que me precederon nesta tribuna e que situaron á Deputación da Coruña á vangarda das deputacións do país. É tarefa e responsabilidade da nosa xeración manter vivo e mellorado no posible, ese legado.

Comprométome a seguir presidindo esta institución cos valores que a miña vila e a miña familia me ensinaron: humildade, traballo, orgullo das miñas orixes e vocación de servizo público. Seguirán atopando en min a un presidente co seu despacho sempre aberto, con disposición permanente ao diálogo e o consenso, como sempre temos feito nesta Deputación.

Comprométome ademais a liderar un goberno provincial que terá como principio fundamental a lealdade institucional, a colaboración con todas as administracións, independentemente da súa cor política; e como único norte a defensa dos intereses xerais da cidadanía desta provincia. Un goberno provincial que pense nas próximas xeracións, non só nas próximas eleccións; que teña os pés ben asentados na terra, pero a mirada no horizonte.

Señoras e señores deputados, presidir a Deputación da Coruña nos últimos catro anos deume a oportunidade de coñecer mellor esta provincia e valorar o seu

enorme potencial. Pisar o territorio, percorrer cada un dos 93 municipios, ver como os investimentos que aprobamos neste salón de sesións pasan de ser números, informes ou proxectos técnicos plasmados nun papel a converterse en estradas, centros sociais ou escolas infantís; en persoal de axuda no fogar ou de teleasistencia para os nosos maiores; en emprego para a nosa mocidade e supón non só unha enorme satisfacción, senón un estímulo para continuar traballando e mellorando cada día.

Este contacto permanente cos concellos aos que nos debemos supón tamén unha fonte inesgotable de novas ideas, proxectos e iniciativas. Por iso continuaremos percorrendo os concellos da nosa provincia, pisando as estradas e os camiños, escoitando aos alcaldes e alcaldesas e aos seus veciños, e supervisando persoalmente as obras e os servizos que esta Deputación impulsa en todos e cada un dos concellos coruñeses, desde as grandes cidades ás aldeas máis pequenas. Servizos e infraestruturas que chegan ata o último recuncho do noso territorio e axudan a mellorar a vida das persoas. Que contribúen así a que un veciño de Moeche, de Frades ou de Irixoa poida ter as mesmas oportunidades que alguén que resida na Coruña, Santiago ou Ferrol á hora de atopar traballo, dar estudos aos seus fillos ou fundar unha familia.

Boa parte deses investimentos débense á posta en marcha no anterior mandato de programas coma o Plan Único, o maior plan de cooperación das catro deputacións galegas e un dos maiores de España. En apenas tres anos, supuxo un investimento de 283 millóns de euros nos 93 concellos desta provincia, unha cifra nunca antes alcanzada na historia desta institución.

O Plan Único supuxo na xestión desta Deputación máis protagonismo e autonomía municipal para os nosos concellos e unha importantísima mellora da situación económica dos municipios coruñeses.

Pero máis alá dos números, este Plan activou un novo modelo de colaboración entre a Deputación e os concellos coruñeses que nos volveu situar na vangarda estatal, abrindo un camiño cara o futuro que hoxe están a seguir moitas outras deputacións de España. Nestes catro anos escoitaremos falar de moitos "plans únicos" en moitas deputacións do Estado. Como pioneiros neste camiño, correspóndenos seguir desenvolvendo, innovando e mellorando este potente instrumento que articula a colaboración municipal, a principal razón de ser desta institución.

Señoras e señores deputados, no mandato que hoxe comeza, a loita contra o despoboamento do rural coruñés será un dos obxectivos transversais e prioritarios do noso Goberno. A fenda demográfica entre o medio rural e o urbano volveu agrandarse nos últimos anos na nosa provincia, ao igual que ocorre no resto do país.

Segundo o estudo "Poboación e Despoboación en España", elaborado pola Federación Española de Municipios e Provincias, na metade da superficie de Galicia apenas vive o 6% da poboación, mentres que nas cidades se concentra o 36 %.

Este proceso de regresión demográfica e baleiramento do rural é a día de hoxe un problema de Estado e un dos principais retos que debemos afrontar coa

implicación e coordinación de todas as administracións públicas nunha fronte común. Unha gran alianza contra esa nada que avanza imparable e ameaza con levarse as nosas raíces e a nosa forma de vida, convertendo ao rural galego nun deserto nas vindeiras décadas. A revitalización do mundo rural é urxente e inaprazable, pois dela vai depender a sustentabilidade demográfica, socioeconómica e cultural da provincia da Coruña e de Galicia. O capital humano é o máis importante para un territorio, o motor do desenvolvemento social e económico.

Por iso, quero anunciarlles que na Deputación da Coruña impulsaremos a creación dunha Axenda Rural Provincial, que terá como obxectivos xerais apoiar a mellora do nivel de vida no rural, a creación de emprego e a fixación de poboación no rural coruñés.

Como saben, son miles as accións que esta Deputación realiza cada ano para impulsar o desenvolvemento económico, social e cultural dos pequenos concellos. A Axenda Rural Provincial servirá como eixo planificador e vertebrador de todas estas accións, axudándonos ademais a preparar á provincia para unha intervención activa no período de programación de fondos europeos a partir de 2020.

Neste sentido, quero anunciarlles hoxe un primeiro paso. A Deputación da Coruña vén de obter do Goberno de España preto de 1 millón de euros de financiamento para dous novos programas de loita contra a “España vaciada” e a fixación de poboación no ámbito rural. Eses fondos destinaranse á creación de dúas novas liñas dentro do Plan de Emprego Local desta institución: PEL- RURINNOVA e PEL-RELEVO, que terán como obxectivo fomentar a innovación e o emprendemento e garantir o relevo xeracional nas pequenas empresas do rural.

Nas vindeiras semanas presentaremos en detalle estes programas que temos previsto aprobar no primeiro pleno ordinario deste novo mandato, simbolizando así o compromiso deste Goberno neste eido.

Falando de emprego, tamén, hoxe queremos enviar tamén unha mensaxe aos 53.400 coruñeses e coruñesas que, segundo a Enquisa de Poboación Activa, continúan vivindo cada día o drama do desemprego.

Quero dicirlles que van a seguir sendo a principal preocupación e a principal ocupación desta Deputación. No anterior mandato, puxemos en marcha o PEL, o primeiro Plan de Emprego da historia desta institución. As políticas de emprego pasaron de ser unha simple liña de apoio económico aos concellos para a contratación temporal de cuadrillas de obras a converterse nun dos sinais de identidade da Deputación da Coruña.

Un ambicioso programa plurianual dotado con 30 millóns de euros, con diferentes liñas de acción nos sectores público e privado, que a día de hoxe permitiu a 3.000 persoas atopar un emprego e que apoia cada ano a centos de emprendedores e emprendedoras na posta en marcha das súas ideas de negocio.

Si, estamos satisfeitos cos resultados, pero aínda queda moito por facer. Por iso, o PEL vai seguir crescendo e desenvolvéndose neste mandato, coa creación de novas liñas de acción específicas, como os citados programas de creación de

emprego no rural e a posta en marcha da nova Rede Provincial de Espazos de Coworking.

Unha rede que xa plantou a súa primeira semente no centro piloto do Pazo de Arenaza (Oleiros), onde 16 emprendedores – oito homes e oito mulleres- traballan dende maio en proxectos empresariais innovadores.

Pronto entrarán en funcionamento tamén centros similares en Brión, Ames, Carballo e Boiro, que completarán unha rede destinada a potenciar e aproveitar o talento emprendedor da nosa xente moza, para que poidan traballar e atopar na nosa terra as oportunidades que as anteriores xeracións non tiveron.

No ámbito económico, a Deputación seguirá liderando e apoiando firmemente os proxectos que sexan de interese estratéxico para a nosa provincia:

- Apoiando a necesidade urxente de reactivar o sector industrial.
- Impulsando a modernización do noso mar e o noso agro, participando e acompañando a incorporación de emprendedores a ese mundo.
- Promovendo a creación dunha zona franca que apuntale o liderado exportador da Coruña e contribúa ao desenvolvemento integral do territorio provincial e galego.
- E favorecendo a transferencia de coñecemento, talento e innovación entre as dúas universidades (A Coruña e Santiago) e o noso tecido empresarial e emprendedor, para reforzalo e adaptalo ás necesidades do século XXI.

Señoras e señores deputados, como acabo de relatar, a revitalización do rural coruñés, a potenciación da cooperación cos municipios e a aposta polo emprego serán tres eixos vertebradores e transversais, tres obxectivos irrenunciáveis da acción do goberno provincial neste mandato. Pero esta Deputación ten por diante outros retos importantes en áreas que sinalarei brevemente.

Continuaremos coa nosa aposta por unha provincia verde e pola mobilidade sustentable. No pasado mandato puxemos en marcha iniciativas como o Plan de medioambiente, impulsamos a actividade da Axencia Enerxética Provincial e creamos novas liñas de apoio ás entidades que contribuíron a mellorar a calidade ambiental da nosa provincia. Seguiremos traballando nese sentido e deseñando novas medidas.

Neste eido, é para min unha satisfacción poder anunciarlles hoxe que nos últimos días recibimos confirmación oficial da concesión de 4 millóns de euros de fondos FEDER, que esta Deputación solicitou para acometer ambiciosos proxectos que contribuirán a potenciar o turismo e a mobilidade sustentable no noso territorio, entre eles, as Sendas dos Faros que conectarán 11 faros de Ferrolterra, Ortegá, Costa da Morte e Barbanza cos seus núcleos de poboación, e a primeira Vía Verde da provincia da Coruña, que permitirá percorrer a pé ou en bicicleta os 37 quilómetros que separan Santiago e Cerceda nun itinerario singular construído sobre as antigas vías do ferrocarril.

No ámbito do Servizos Sociais, non podo deixar de ter hoxe un sentido recordo para Ánxela Franco, deputada responsable desta área durante o pasado mandato, falecida prematuramente o pasado mes de xuño. Sei que os numerosos colectivos e entidades sociais desta provincia apreciaban moito o seu labor diario, o seu compromiso e a súa proximidade; unha senda que imos continuar nestes catro anos.

Son consciente de que esta área é “o corazón” desta institución, por iso seguiremos blindando o investimento social nos orzamentos anuais da Deputación e incrementando programas como o dos servizos sociais sociomunitarios, que permite que ata o concello máis pequeno poida contar con algo tan imprescindible como un servizo de axuda no fogar.

Tamén continuaremos mellorando o servizo de teleasistencia, ese “botonciño da Deputación”, como o chaman os usuarios, que acompaña 24 horas a 2.000 maiores da nosa provincia e que lles proporciona a eles e ás súas familias a tranquilidade de saber que sempre hai unha voz amiga ao outro lado da liña. Durante este mandato, incrementaremos a 3.000 o número de persoas usuarias do servizo.

Seguiremos traballando tamén para ampliar e mellorar a seguridade dos 2.100 quilómetros da Rede Provincial de Estradas. No pasado mandato investimos máis de 80 millóns de euros para facer estradas máis seguras e para construír 60 novos quilómetros de sendas peonís. Neste mandato manteremos o ritmo investidor e iniciaremos un proceso de ordenación da rede de estradas, en coordinación coa Xunta de Galicia e os concellos da provincia, para a transferencia dos primeiros viais á administración autonómica e aos concellos.

A cultura, o turismo, a igualdade, a implantación da administración electrónica e a mellora dos servizos públicos, así como o soporte xurídico, económico e técnico aos municipios con menos recursos seguirán sendo tamén prioridades para este Goberno provincial.

Señoras e señores deputados, rematando xa, comeza hoxe un mandato que, como dixen ao principio, desexo que se caracterice pola colaboración e o consenso. Espero seguir contando tamén coa inestimable axuda dos traballadores e traballadoras desta casa. Sei que sodes un equipo humano experimentado, cualificado e eficaz e volvo pedirvos a vosa colaboración para continuar traballando xuntos por unha Deputación mellor.

Unha Deputación e unha provincia da que todas e todos nos sintamos orgullosos. Orgullosos da nosa identidade coruñesa, da historia común que nos trouxo ata aquí, dos lazos que nos unen con Europa e con América, onde a emigración mantivo viva a chama da galegitude nos tempos máis escuros. Orgullosos da nosa cultura, da terra que viu nacer a Rosalía e Castelao, a Pondal e a Dieste, a Torrente Ballester e a Camilo José Cela. Sen as súas páxinas non se podería concibir a Galicia actual. Da provincia da Coruña que iluminou a creatividade xenial de Luis Seoane e Díaz Pardo, que inspirou os primeiros esbozos do neno Picasso e a madurez artística de Granell, que deu forma ao soño modernista dos Irmáns García Naveira, que namorou a Lorca, García Márquez, John Berger e Julio Cortázar.

Desa Coruña das conquistas sociais, da igualdade e o feminismo que sementaron co seu exemplo mulleres como Concepción Arenal, Marcela e Elisa ou Emilia Pardo Bazán. A terra dos mil camiños, a *Finisterrae* da vella Europa.

Convócovos a continuar construíndo A Coruña das xeracións que nos continuarán, a traballar sen un minuto de descanso, porque a meta ben o merece: un futuro mellor para a cidadanía e para os concellos desta provincia, co empuxe de todos e todas, e coa mesma ilusión do primeiro día.

Moitas grazas.

Finalizada esta intervención, dáse por terminado o acto ás trece horas e seis minutos, redáctase a presente acta, e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.